



**REGULAMENTO DA CREACIÓN DA MARCA “MONTAÑAS
TREVINCA” E DOUTRAS MEDIDAS PARA FOMENTO DA
APICULTURA NO MUNICIPIO DE A VEIGA.**

1. REGULAMENTO DA CREAÇÃO DA MARCA “MONTAÑAS TREVINCA” E DOUTRAS MEDIDAS PARA FOMENTO DA APICULTURA NO MUNICIPIO DE A VEIGA.

A apicultura ten unha importancia fundamental para o desenvolvemento rural, o equilibrio ecolóxico e constitúe a base para a conservación e a diversidade das plantas que dependen da polinización, tendo un efecto positivo no territorio, a meirande parte do cal se atopa incluído no Espazo Natural Protexido da Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA PENA TREVINCA) .

A xeración de emprego estable, que contribúa a fixar poboación e impulsar a calidade de vida no medio rural de montaña ; a xestión do bosque, tratando de que o valor engadido, a través das correspondentes transformacións industriais, permaneza dentro do propio territorio ; a xeración da economía e do “emprego verde” para lograr a conservación dos hábitats, mantendo os usos tradicionais e incentivando a agroindustria, así como a promoción dos produtos locais son obxectivos prioritarios do Concello de A Veiga.

Considerando que os produtos naturais das Montañas de Trevinca , posúen características particulares pola súa orixe , dependentes do relevo, clima, flora, da calidade da auga e doutros factores medioambientais , é polo que o Concello de A Veiga considera oportuno aprobar o presente regulamento e adoptar outras medidas para o fomento da apicultura no Termo Municipal de A Veiga .

Dende o Concello de A Veiga comezouse traballando na creación dun regulamento do uso da marca Montañas Trevinca, e outras medidas para poder comezar a crear un grupo de persoas interesadas no proxecto.

O regulamento foi publicado no BOP de Ourense nº 146, martes 27 de xullo do 2017.

REGLAMENTO DE CREACION DA MARCA “ MONTAÑAS DE TREVINCA “ E DOUTRAS MEDIDAS PARA O FOMENTO DA APICULTURA NO MUNICIPIO E A VEIGA .

Exposición de motivos

A apicultura ten unha importancia fundamental para o desenvolvemento rural, o equilibrio ecolóxico e constitúe a base para a conservación e a diversidade das plantas que dependen da polinización, tendo un efecto positivo no territorio, a meirande parte do cal se atopa incluído no Espazo Natural Protexido da Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA PENA TREVINCA) .

A xeración de emprego estable, que contribúa a fixar poboación e impulsar a calidade de vida no medio rural de montaña ; a xestión do bosque, tratando de que o valor engadido, a través das correspondentes transformacións industriais, permaneza dentro do propio territorio ; a xeración da economía e do “emprego verde” para lograr a conservación dos hábitats, mantendo os usos tradicionais e incentivando a agroindustria, así como a promoción dos produtos locais son obxectivos prioritarios do Concello de A Veiga.

Considerando que os produtos naturais das Montañas de Trevinca , posúen características particulares pola súa orixe , dependentes do relevo, clima, flora, da calidade da auga e doutros factores medioambientais , é polo que o Concello de A Veiga considera oportuno aprobar o presente regulamento e adoptar outras medidas para o fomento da apicultura no Termo Municipal de A Veiga .

CAPITULO I: CREACION DA MARCA “ MONTAÑAS DE TREVINCA ” . Artigo 1º. Obxecto.

Este Regulamento téñ por obxecto establecer e determinar as condicións e requisitos para o uso da marca “ Montañas de Trevinca ” así coma establecer outras medidas para o fomento da apicultura no Termo Municipal de A Veiga.

Artigo 2º. Titularidade da Marca.

A marca “ Montañas de Trevinca “ e os elementos gráficos que a distinguen é propiedade do Concello de A Veiga , con Cif: P3208400 F , con domicilio na Praza do Concello Nº 1. 32360 A Veiga (Ourense) .

A marca “ Montañas de Trevinca ” inscribírase no Rexisto de Marcas da Oficina Española de Patentes e Marcas

Artigo 3º. Productos.

Os produtos amparados pola Marca “ Montañas de Trevinca “ son o Mel e os seus derivados: Polen, Xalea Real, Propóleos e Ceras cuxa zona de produción sexa o termo municipal de A Veiga e cuxa elaboración sexa no Centro de Apicultura de Prada, dependente do Concello de A Veiga.

Poderán incluírse na Marca produtos cosméticos e aromáticos artesanais elaborados a partir do Mel e os seus derivados , que cumpran a lexislación sectorial aplicable a cada produto .

Artigo 4. Finalidade

A marca “ Montañas de Trevinca ” téñ como finalidade distinguir no mercado, garantindo a súa orixe da alta montaña galega, do espazo natural protexido , da ZEC (Zona de Especial Protección) e da ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) “ Pena Trevinca “ da Rede Natura 2000, os produtos agroalimentarios destinados ao consumo humano, que producidos no Termo Municipal de A Veiga e elaborados no Centro Apícola de Prada , reúnen as condicións e cumpren os requisitos de calidade que se especifican neste regulamento.

Artigo 5. Características dos meles.

A) Segundo a súa orixe botánica o Mel poderase clasificar en :

- Mel multifloral.
- Mel monofloral de castiñeiro (*Castanea sp.*).
- Mel monofloral de silveira (*Rubus sp.*).
- Mel monofloral de breixo (*Erica sp.*).
- Mel do Bosque (Mel de Melada *Quercus robur, Q. pirenaica*)

Poderán obter a clasificación de Mel monofloral doutras orixes botánicas existentes no territorio previa certificación da súa composición por empresa autorizada.

B) Segundo a presentación e o procedemento de obtención:

- Mel en panais ou en seccións.
- Mel líquido.
- Mel cristalizado.
- Mel cremoso.

C) Características:

C)a) Características físicoquímicas:

- Humidade: como máximo o 18,5%.
- Actividade diastásica: como mínimo 9 na escalade Schade. Os meles con baixo contido enzimático, como mínimo o 4 na dita escala, sempre que o contido en hidroximetilfurfural non exceda os 10 mg/kg.
- Hidroximetilfurfural: como máximo 28 mg/kg.

C)b) Características meliso-palinolóxicas:

Con carácter xeral, o espectro polínico considerado na súa totalidade deberá corresponder ao propio dos meles de Galicia. En calquera caso a combinación polínica *Helianthus annuus-Olea europaea-Cistus ladanifer* non superará o 5% do espectro polínico total.

C)c) Segundo a orixe floral dos distintos tipos de mel recollidos no artigo anterior, os espectros polínicos deberán cumprir os seguintes requisitos:

-Mel multifloral: o pole maioritariamente pertencerá a: *Castanea sativa*, *Ericaceae*, *Rubus sp.*, *Rosaceae*, *Cytisus sp-Ulex sp*, *Trifolium sp.*, *Lotus sp.*, *Campanula*, *Centaurea*, *Quercus sp.*, *Echium sp.*, *Taraxacum sp.* e *Brassica sp.*

-Meles monoflorais:

* Mel de castiñeiro: a porcentaxe mínima de pole de castiñeiro (*Castanea sp.*) será do 70%.

* Mel de siveira: a porcentaxe mínima de pole de silveira (*Rubus sp.*) será do 45%.

* Mel de breixo: a porcentaxe mínima de pole de breixo (*Erica sp.*) será do 45%.

* Mel do Bosque (Mel de Melada)

C)d)Características organolépticas:

Os meles deberán presentar, con carácter xeral, as características organolépticas propias da orixe floral correspondente, en canto a cor, aroma e sabor. Segundo a dita orixe as características organolépticas máis destacables serán as seguintes:

-Meles multiflorais: a súa cor poderá variar entre a ámbar e a ámbar-escura. Presentan aroma floral ou vexetal de intensidade e persistencia variable. Poden ser lixeiramente ácidos e astrinxentes.

-Monoflorais de castiñeiro: cor ámbar escura ás veces con tons vermellos. Aroma preferentemente vexetal de intensidade media-baixa e persistencia baixa. É lixeiramente ácido e amargo, ás veces algo picante. Adoita presentar lixeira astrinxencia.

-Monoflorais de silveira: cor ámbar a ámbar escura. Son meles aromáticos con aroma floral persistente.

Sabor afroitado, marcadamente doce de intensidade e persistencia media-alta.

-Monoflorais de breixo: a súa cor é ámbar escura ou escura con tons vermellos, sabor lixeiramente amargo e persistente, aromas vexetais persistentes. A intensidade do olor adoita ser media-baixa e a persistencia baixa.

D) Mel do bosque (Mel de Melada)

- 1.- Características físico-químicas: Conductividade eléctrica: 0.970 -1,430 mS/cm.

Cor: _ 102 mm Pfund

Cenizas:0,65-0,75 g/100g

Relación Fructosa – Glucosa, F.G.: 60 – 66

-2.-Características melisopalinolóxicas:

Na súa composición predomina a melada de *Quercus* e un % variable de pólenes presentes na flora

existente no Termo Municipal de A Veiga.

.

-3.-Características organolépticas:

- Estado físico: Consistencia fluida, cunha tendencia á cristalización moi baixa.

- Mel de cor ámbar escuro, casi negro as veces, con tons negros-marrons .

- Aroma a madeira cunha intensidade e persistencia baixa.

Os límites máximos microbiolóxicos e as tolerancias de produtos contaminantes e substancias tóxicas axustaranse ao exixido na lexislación vixente

CAPITULO II : AUTORIZACION E USO DA

MARCA Artigo 6. Autorizacións .

Poderán solicitar a autorización da Marca “ Montañas de Trevinca ” así coma a autorización da uso das instalación do Centro Apícola de Prada, as persoas naturais ou xurídicas que produzan Mel e ou seus derivados no territorio do Termo Municipal de A Veiga e elaboren os seus produtos no Centro Apícola de Prada, dependente do Concello de A Veiga.

Artigo 7. Requisitos dos productos autorizados.

Antes de proceder a autorización , solicitarase de oficio polo Concello de A Veiga , un control de calidade e certificado emitido por empresa autorizada de :

Determinacións físico-químicas contempladas na Norma de Calidade da Mel. (Directiva 2001, 110/CE; Real Decreto 1049/03).

Espectro de azúcares, Humidade, Sólidos Insolubles, Conductividade, pH y acidez libre, Actividad diastásica, Hidroximetilfurfural.

Análisis polínicos

Determinación del origen botánico e/o xeográfico da mel.

Diagnóstico de patoloxías.

Polen

Físico-químicos (humidade, azúcares, actividad agua, grasas, vitaminas, proteínas...)

Orixe botánica e/o xeográfica.

Antibióticos e Pesticidas

Diagnóstico de patoloxías.

No caso de que o produto non cumpra os estándares de calidade non se procederá a autorización para o uso da marca. Este control poderá solicitarse en posteriores colleitas .

Este control de calidade será gratuito para as persoas solicitantes da Autorización para o uso da marca .

Artigo 8. Procedemento para obtención da Autorización .

8.1.Solicitud

As persoas físicas ou xurídicas, empadronadas ou con domicilio social en A Veiga, interesadas na autorización do uso da Marca “ Montañas de Trevinca ” conxuntamente co uso das instalación do Centro Apícola de Prada deberán rexistar a súa solicitude (segundo Anexo I) no Rexistro Xeral do Concello de A Veiga, situado na Praza do Concello Nº 1, 32360 A Veiga ou no Rexistro do Centro de Apicultura de Prada situado no edificio da Residencia do Poboado de Prada , A Veiga.

8.2. Documentación

A solicitude achegarse a seguinte documentación :

- a. Documentación que acredite la personalidad jurídica y la capacidad de obrar del empresario que solicite la autorización. (DNI ou Constitución da persoa xurídica) .
- b. Se o solicitante é unha persoa xurídica , copia do documento que acredite a identidade da persoa física que asina a solicitude e das súas facultades de representación.
- c. Certificado de empadronamento municipal .
- d. Copia da inscrición no Rexistro de explotacións agrarias de Galicia (Reaga).

- e. Copia da Inscripción no Rexistro de explotacións acollidas ao réxime de venda directa SEVEDI.
- f. Copia do libro de explotación agraria actualizado.
- g. Plano de situación da explotación ou explotacións apícolas.
- h. Copia do último documento de analítica do produto.
- i. Relación de produtos para os que solicita a autorización .

8.3. Resolución

O Concello de A Veiga , a través de persoal técnico propio, a través dunha entidade colaboradora ou dunha empresa contratada ao efecto , examinará e comprobará os requisitos esixidos para o uso da marca .

A Alcaldía do Concello de A Veiga, mediante resolución motivada, concederá ou denegará a autorización para o uso da marca para os produtos que se tivesen solicitado así coma para as instalación do Centro Apícola de Prada.

O Prazo máximo para dictar a resolución será de dous meses. Entederase denegado polo transcurso do devandito prazo sen terse notificado a resolución.

Contra a resolución, expresa ou presunta, poderá interponerse o recurso de reposición e demais que correspondan regulados na Ley 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 9. Condicións do uso da Marca.

9.1 Obrigas das persoas autorizadas.

- * As persoas autorizadas ao uso da marca estarán obrigadas a cumprir as condicións e requisitos establecidos no presente regulamento.
- * As persoas autorizadas ao uso das instalacións do Centro Apícola de Prada estarán obrigadas a cumprir as condicións de uso, horarios, etc, e respetar todos requisitos seungo as Normas de funcionamento interno que sexan elaboradas pola Dirección do centro.
- * Facilitar aos técnicos designados polo Concello de A Veiga as labores de control e seguimento do uso da marca.
- * Polo mero feito da inscrición as persoas quedan obrigadas ao cumprimento das disposicións vixentes neste regulamento.

9.2. Dereitos das persoas autorizadas.

- * Poderán asistir , gratuitamente, a todos os cursos de formación , obradoiros e experiencias que,, no ámbito da apicultura , organice o Concello de A Veiga.
- * Recibirán asesoramento gratuito por parte da equipa técnica do Centro de Apicultura de Prada, “ in situ” nos asentamentos apícolas dos que conste a súa instalación .
- * Recibirán, gratuitamente, o control de calidade e certificado por empresa autorizada ao que se refire o artigo 7 deste regulamento.
- * Recibirán , gratuitamente o primeiro ano, os envases e as etiquetas, dos seus produtos para a venda directa de produtos primarios “ In situ “, en Mercado e en establecementos comerciais autorizados .
- * Terán dereito ao uso das instalación do Centro Apícola de Prada, que formarán parte da súa propia explotación apícola .
- * Recibirán , gratuitamente o primeiro ano, os envases e as etiquetas, dos seus produtos para a venda directa de produtos primarios “ In situ “, en mercados e feiras tradicionais e en establecementos comerciais autorizados.
- * Terán dereito a obter as axudas e subvencións do Concello de A Veiga que establezca o Concello para promoción e fomento da Apicultura no termo municipal de A Veiga.
- * Terán dereito a formar parte das campañas de promoción que organice o Concello de A Veiga.

9.3. Vixencia .

A autorización para a uso da marca conxuntamente coa autorización para o uso das instalacións do Centro Apícola de Prada , concedidas ao abeiro deste regulamento terá carácter indefinido e manterase vixente durante o tempo que , tanto o titular da autorización coma os productos aos que se extendan, manteñan as condicións e requisitos establecidos neste regulamento.

Non obstante o carácter indefinido da autorización , éste poderá suspenderse ou revocarse cando o titular da autorización ou os productos aos que se extendan deixen de cumprir os requisitos establecidos neste regulamento.

A suspensión da autorización conlevará a inmediata extinción da autorización da uso da marca así coma do uso das instalacións do Centro Apícola de Prada.

9.4. Baixa .

A baixa poderá producirse por petición da persoa titular da autorización ou como consecuencia das modificacións das condicións ou a raíz do incumprimento das condicións sinaladas no presente regulamento .

9.5. Rexistro Unico de autorizacións para o uso da marca e para uso das instalación do Centro Apícola de Prada.

Crease un Rexistro Unico que habilitará para o uso da marca e para uso das instalacións do Centro Apícola de Prada, dependente do Concello de A Veiga.

Na inscrición deberá figurar:

Os datos do titular da explotación.

Localización e adecuada identificación da explotación .

Nº de Rexistro da Explotación apícola.

Nº de Rexistro Reaga e Sevedi.

Nº de colmeas .

Tipo de Mel para o que solicita a autorización e , de se-lo caso, derivados da mesma.

A inscrición do Rexistro será gratuita e practicarase, de oficio, segundo a Resolución da autorización municipal para o uso da marca.

A Información contida no Rexistro terá carácter público, se ben o acceso aos datos de carácter persoal deberá observar a lexislación vixente na materia,

9.6. Etiquetado.

No etiquetado do produto , ademáis de calqueira outra indicación obrigatoria que estableza a normativa sobre etiquetado, deberá figurar :

* Nome e Logotipo da Marca “ Montañas de Trevinca” .

* Nome do Produto : Mel, Polen, Propóleo ou Xalea Real.

* No caso da Mel, ademais Tipo de Mel : Multifloral ou Monofloral de castiñeiro, silvera ou breixo, Mel do bosque (ou calqueira outra monofloral previamente certificada).

(Estas indicacións deberán agruparse no mesmo campo visual e deberán ir en caracteres visibles e lexibles e tér unhas dimensións superiores ao resto das indicacións que figuren no etiquetado).

* Nome do titular , Dirección e Nº de Reaga.

- * Cantidade neta .
- * Data de consumo preferente.
- * Composición nutricional.

Unha vez obtidas as pertinentes autorizacións incorporárase a etiquetaxe dos produtos a marca “ Producto de Montaña “ e o selo “ Producto Natura 2000”

CAPITULO II CENTRO APICOLA DE PRADA

Artigo 10. Descrición do Centro Apícola de Prada.

O Centro Apícola de Prada situado en Poboado de Prada Nº.1 32367 Prada (A Veiga) constitúese coma:

Un centro de formación técnica destinado aos apicultores con residencia efectiva no Termo Municipal de A Veiga , sobre todo aos apicultores non profesionais e a aqueles que se incorporen á actividade , aos que se destinarán os cursos, obradoiros prácticos e asesoramento “ In situ” nos seus propios asentamentos apícolas aos efectos de incrementar a súa capacidade productiva, de introducir novos aproveitamentos e acadar así a máxima profesionalización do sector .

Un centro de extracción , envasado e almacenamento de produtos primarios, entendidos coma produtos procedentes da produción primaria da terra : a mel, pólen , propóleos e xalea real , que estará a disposición daquelas explotacións apícolas non profesionais cuas explotacións dispoñan de asentamentos apícolas e colmeas pero non dispoñan da maquinaria precisa para a posterior manipulación do produto, e que terá a consideración aos efectos previstos no *Decreto 125 / 2014 , de 04 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións a persoa consumidora final* de explotación productora das devanditas explotacións apícolas, con Número R.G.S.E.A.A. 23.004103/OU.

Un centro de exposición e venda , para as explotacións apícolas que produzan os seus produtos no devandito centro que terá a consideración, aos efectos previstos no *Decreto 125/2014, de 04 de setembro , polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións a persoa consumidora final* , de venda “ in situ” na propia explotación .

Artigo 11. Modalidade de venda directa “in situ”

Cada produtor poderá vender as cantidade máximas autorizadas en venda directa ao ano as seguintes :

Mel 3.000 kg.
 Polen 450 kg.
 Propóleo 30 kg.
 Xalea Real 10 kg.

CAPITULO III Venda en Mercado.

Artigo 12. Habilitación de espazos públicos .

Para a modalidade de venda en mercado, entendida coma a venda directa que se realiza nun lugar público destinado permanentemente ou en días sinalados para comprar e vender , habilitanse coma lugar permanente a Oficina de Información Turística , situada na Rúa Nova de A Veiga e para os días de Feira en A Veiga, os 9,17 e 29 de cada mes ademais do anterior, o espazo lateral do edificio da Oficina de Información Turística.

CAPITULO IV

INTERVENCION MUNICIPAL NO CONTROL URBANISTICO

Artigo 13.- Intervención municipal na edificación e usos do solo.

As instalacións apícolas constitúen un uso e actividade admisible en solo rústico e en solo rústico de especial protección, consonte ao artigo 35 da Lei do Solo de Galicia , previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística .

Sin perxuízo das autorizacións que fose procedentes de conformidade coa lexislación sectorial aplicable as explotacións apícolas e as explotacións apícolas transhumantes, quedan suxeitos ao réxime de control urbanístico, obtención da previa licenza urbanística ou a comunicación previa, os actos de edificación e uso do solo as instalacións apícolas en solo rústico e en solo rústico de especial protección de conformidade co disposto na Lei 2/2016 de 10 de febreiro , do Solo de Galicia , sendo competencia dos concellos establecer os procedementos de comunicación precisos así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos.

Para a autorización de instalacións apícolas será de aplicación o procedemento establecido no artigo 146 da Lei do Solo de Galicia , para comunicacións previas.

As persoas interesadas na autorización para o uso da Marca e das instalacións do Centro Apícola de Prada, presentarán ao mesmo tempo a solicitude a que se refire o artigo 8 e a Comunicación Previa a que se refire o presente artigo .

Artigo 14.- Comprobación de distancias mínimas dos asentamentos apícolas .

O Concello de A Veiga comprobará que os asentamentos apícolas cumpren coas seguintes distancias mínimas :

- Establecementos colectivos de carácter público, zonas urbanas e núcleos de poboación: 400 metros.
- Vivendas rurais habitadas e instalacións pecuarias: 100 metros (para autoconsumo 50 m).
- Estradas nacionais, autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas: 200 metros (para autoconsumo 100 m).
- Estradas comarcais, resto de estradas convencionais estatais e autonómicas ou provinciais previstas na Lei 4/1994, de estradas de Galicia: 50 metros.
- Caminos vecinais: 25 metros (en autoconsumo, tamen 25 m para estradas locais).
- Pistas forestais: as colmeas poderán instalarse nas beiras sen que obstrúan o paso.

Con desniveis superiores aos 2 metros de altura coa horizontal de estradas e caminos, a distancia establecida para estradas e caminos poderá reducirse un 50 % (para autoconsumo, un 75% se o desnivel supera os 3 metros), e se existen cercas de 2 metros mínimo que obriguen as abellas a iniciar o voo por riba dos 2 metros poderase reducir a distancia ata un máximo do 75%. Porén, a distancia mínima a vivendas rurais habitadas e instalacións pecuarias en ningún caso poderá ser inferior a 25 metros.

Para autoconsumo cun número igual ou menor a 4 colmeas, as distancias a vivendas rurais habitadas e instalacións pecuarias poderán reducirse ata os 12,5 metros, e respecto dos núcleos de poboación ata os 50 metros (neste caso sempre que exista unha barreira física de cando menos 2 metros de altura).

Artigo 15 .- Comprobación requisitos esixigos para a transhumancia .

O Concello de A Veiga comprobará e porá en coñecemento da autoridade competente en vixianza e control o incumprimento dos requisitos esixidos pola normativa aplicable as explotacións transhumantes .

Ademais das condicións previstas no artigo 11 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, na súa redacción dada polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, para a práctica xeral da transhumancia, os asentamentos de explotacións transhumantes de 26 ou máis colmeas que se instalen no territorio da comunidade autónoma deberán gardar unha distancia mínima de dous quilómetros con calquera asentamento rexistrado no Rexistro Galego de Explotacións Apícolas, estante ou transhumante.

Considerarase como unha única unidade a totalidade das colmeas que realicen a actividade de transhumancia procedentes dunha mesma explotación (mesmo código de identificación da explotación), e non se poderá fraccionar esta en unidades inferiores a 26 colmeas .

A persoa titular das colmeas transhumantes ou a responsable do movemento deberá, no prazo de 7 días hábiles desde a chegada ao asentamento de destino, comparecer ante os servizos veterinarios oficiais da oficina agraria comarcal correspondente ao asentamento de destino para comunicar os datos concretos do asentamento, así como aquel outros datos exixibles pola normativa sanitaria en vigor segundo o disposto no anexo VII deste decreto.

CAPITULO V

MEDIDAS DE PROTECCION AMBIENTAL

Artigo 16. RECOMENDACIONES para o mantemento, protección, preservación e restauración dos recursos naturais apícolas no Termo Municipal de A Veiga .

* Queda prohibido o emprego de praguicidas da familia dos neonicotinoides clotianidina, tiametoxam e imidacloprid consonte coa Decisión da UE para toda Europa , e recomendase a non utilización de fipronil, clorpirifos, cipermetrin y deltametrin.

* Recomendase limitar o uso de produtos químicos (fertilizantes, funxicidas , pesticidas) . O uso abusivo de produtos fitosanitarios é unha das principais razóns de mortalidade das abellas.

* Recoñecer a interese apícola das seguintes plantas no termo municipal de A Veiga:

Plantas con interese apícola no Termo Municipal de A Veiga.

ndicase familia, xénero ou especie de maior significado, nome en castelán e nome en galego, valor apícola (1 menor valor apícola e 3 maior interese apícola) . N = Néctar ; P = Pólen e M

(Melada)

Rosáceas	Rubus Ulnifolius Schott	Zarza	Silva	3	N,P
Rosáceas	Craetaegus Monogyma	Espino Alvar	Espiñeiro		
Compositae	Centaurea	centaurea	centaurea	3	N, P
Compositae	Taraxacum officinale	diente de león	leituga, leitaruga	3	N, P
Ericaceae	Erica arborea	brezo	Uz branca	3	N, P
Ericaceae	Erica australis	brezo	queiroga	2	N, P
Ericaceae	Erica cinerea	brezo	queiroga, carrasco	3	N, P
Ericaceae	Otras Erica	brezo	queiroga, breixo	3	N, P
Ericaceae	Erica umbellata	brezo	queiroga de maio, carrasco	3	N, P
Fagaceae	Castanea sativa	castaño	castiñeiro	3	N , P,
Fagaceae	Quercus	roble, alcornoque	carballo, rebolo, sobreira	3	N , P,
Labiatae	Lamium	lamio	chuchameles	3	N, P
Labiatae	Mentha	menta, tomillo	menta, tormentelo	3	N
Labiatae	Rosmarinus officinalis	romero, orégano, salvia	romeu, ourego, salvia	2	N
Leguminosae	Cytisus, Genista	retama	Xesta	2	P
Liliaceae	Asphodelus	Asfodelo	Asfodelo	3	N, P
Boragináceas	Borago officinalis	Borraja	Borraxa	3	N,P
Lamiaceas	Lavandula dentatta L.	Espliego	Espliego	3	N,P
Lamiaceas	Lavandula Stoechas L	Cantueso	Cantroxo	3	N,P
Lamiaceas	Thymus Mastichina L	Tomillo blanco	Tomelo Branco	3	N,P
Lamiaceas	Thymus Vulgaris L	Tomillo	Tomelo	3	N,P

* Recomendar a protección das especies recoñecidas de interese apícola no termo municipal e A Veiga e en consecuencia , extremar as precaucións respecto da roturación, corta ,arranque ou outras accións que afecten a propia especie ou ao seu hábitat natural.

* Recomendar a non utilización de produtos fitosanitarios para a eliminación de exemplares do xénero Rubus (Silva) ao estar considerada un dos maiores produtores de mel pola súa produción de néctar , polen e xugos de froitas , comenzando o seu aproveitamento dende maio ata setembro.

* Recomendar a prantación e uso de especies autóctonas melíferas en xardíns, espazos públicos, valados rústicos, etc.

* A destrución ou morte da especie “ Apis Mellífera “ deberá limitarse a casos excepcionais e sempre despois de ter contactado con un apicultor ou co Concello de A Veiga para tenta-la captura do enxame e garantir a súa supervivencia.

* A resolución da Alcaldía do Concello de A Veiga respecto das autorizacións ou comunicación previas de uso apícola de solo rústico ou de solo de especial protección poderá ser negativa no caso de que a zona donde se pretenda instalar supere a carga apícola recomendable para a rendabilidade dos asentamentos preinstalados.

DISPOSICION FINAL PRIMEIRA :

No prazo máximo de seis meses, por Resolución da Alcaldía do Concello de A Veiga dictaranse as Normas de Calidade dos produtos amparados pola marca, respecto de :

- * Tipos e identificación de colmeas.
- * Prácticas de manexo.
- * Métodos de produción.
- * Proceso de extracción e almacenamento.
- * Proceso de envasado e envases.

DISPOSICION FINAL SEGUNDA:

No prazo máximo de seis meses, por Resolución da Alcaldía do Concello de A Veiga, dictaranse as Normas de Funcionamento e Réxime Interno do Centro de Apicultura de Prada.

DISPOSICION FINAL TERCEIRA :

Autorízase ao Sr. Alcalde para iniciar os trámites establecidos no Regulamento (UE) 1151/12 da Comisión e no Regulamento (UE) 665/2014 da Comisión polo que se establecen as condicións de utilización do termo de calidade facultativo “ **PRODUCTO DE MONTAÑA** “ para os produtos amparados no presente regulamento.

DISPOSICION FINAL CUARTA :

Autorízase ao Sr. Alcalde a iniciar os trámites para acadar a autorización para a utilización do selo de calidade facultativo “ **PRODUCTO NATURA 2000**” para os produtos amparados no presente regulamento. Este selo garante que a obtención, fabricación ou desenrolo dos produtos así etiquetados resultan respetuosos cos obxectivos de conservación do lugar Lic e Zepa “ Pena Trevinca” incluídos na Rede Natura 2000 e pretende conferir aos produtos que o portan unha posición preferente no mercado e , polo tanto, unha vantaxe competitiva para os produtos asentados nestes espazos.

DISPOSICION FINAL QUINTA :

As persoas interesadas poderán inscribirse no IXP “ Mel de Galicia “ e de , se lo caso, o Sr. Alcalde poderá iniciar os trámites para o recoñecemento de Denominación Xeográfica Protexida segundo o Regulamento (CE)510/2006, do Consello, sobre protección das Indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios e o Decreto 4/2007, de 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores en Galicia.

DISPOSICION FINAL SEXTA :

Será de aplicación supletoria a seguinte normativa :

- * Real Decreto 1049/2003 , de 01 de agosto, do Ministerio da Presidencia polo que se aproba a Norma de Calidade relativa a Mel.
- * Real Decreto 1334/1999, do 31 de Xullo, do Ministerio da Presidencia polo que se aproba a Norma Xeral de etiquetado, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.
- * Decreto 339/2009 , de 11 de Xuño , da Consellería do Medio Rural sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- * Decreto 125/2014, de 04 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións a persoa consumidora final .
- * Decreto 124/2010, de 15 de Xullo , da Consellería do Medio Rural, polo que se regulan as mencións relativas a orixe galega ou procedencia galega no etiquetado, presentación e publicidade dos produtos alimentarios.
- * Ley 17/2001, de 07 de decembro, de Marcas.
- * Lei 2/2016 de 10 de febreiro , do Solo de Galicia.
- * Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local
- * Carta Europea de Produtos Agroalimentarios de Montaña de Calidade.
- * Reglamento (UE) 665/2014 de la Comisión, publicado NO DOUE de 19 de Xuño de 2014, Polo que se establecen as condicións de utilización do termo de calidade facultativo “ Producto de Montaña “ .
- * Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de A Veiga para apoiar a creación e posta en funcionamento dunha industria de extracción e envasado de mel e os seus derivados no lugar de Prada, Concello de A Veiga.

DISPOSICION FINAL SETIMA :

O presente Regulamento entrará en vigor oas quince días da dúa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense de conformidade co disposto nos artigos 65.2 e 70.2. da Lei 7/1985 de 02 de abril de Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

